



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DA CONTRATACIÓN A TRAVÉS DE PROCEDIMENTO ABERTO, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN PARA A XESTIÓN INDIRECTA A TRAVÉS DE CONCESIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MODALIDADES DEPENDENTES VALORADOS E PRESTACIÓN BÁSICA.

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e Cualificación.

O obxecto do contrato é a xestión do servizo público de **SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MODALIDADES DEPENDENTES VALORADOS E PRESTACIÓN BÁSICA.**

A explotación do servizo realizarase mediante a modalidade de concesión pola que o empresario xestionará o servizo ao seu propio risco e ventura.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de xestión de servizos públicos tal e como establece o artigo 8 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) .

Así mesmo, inclúese no expediente os pregos de prescricións técnicas elaborados polos Servizos sociais do concello, documento contractual.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de Selección e Adxudicación.

A forma de adxudicación do contrato de xestión do servizo público de **SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MODALIDADES DEPENDENTES VALORADOS E PRESTACIÓN BÁSICA.** será o procedemento aberto, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores, de acordo co artigo 157 do TRLCSP.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa deberá de atenderse a varios criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, de conformidade co artigo 150 do TRLCSP e coa cláusula novena de este Prego.

CLÁUSULA TERCEIRA. O Perfil de contratante.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: www.concellotui.org

CLÁUSULA CUARTA. Contía económica e Tipo de licitación.

O tipo de licitación establécese nun importe de máximo de 13.12€/hora, sen IVE, ata unha contía máxima anual de 158.986,11 euros (IVE engadido). Nembargante, para o exercicio 2012 a contía máxima establécese en 77.097,37 euros (IVE engadido) e para 2014 en 81.888,74 euros (IVE engadido) de non procederse á

prórroga do contrato inicial. O tipo de IVE aplicado dependerá do establecido en cada momento pola normativa aplicable.

O contrato executarase con cargo á aplicación orzamentaria 233/227.99. Por tratarse dun contrato de carácter plurianual e de conformidade co disposto no artigo 174 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo) e artigos 79 e ss. do Decreto 500/90, os gastos imputaranse a cada un dos exercicios orzamentarios en que se extenda a duración do contrato. En consecuencia o presente gasto queda subordinado ó crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento.

O número de horas de prestación do servizo resultantes das contías anteriores son unha estimación calculada en función da situación existente ao remate do exercicio 2011, polo que no caso de que sexa necesario un aumento no número de horas de prestación do servizo derivado de maiores esixencias pola aplicación da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da Autonomía Persoal e Atención as Persoas en situación de Dependencia e o decreto 15/2010, de 4 de febreiro que regula os procedementos para a súa aplicación en Galicia este aumento será obrigatorio para o contratista co prezo de adxudicación do contrato, e en todo caso estará supeditado á existencia de dispoñibilidade orzamentaria, a través das oportunas modificacións de crédito financiadas coas axudas outorgadas pola Xunta de Galicia para esta finalidade. Do mesmo xeito, tamén poderá darse a situación contraria, é dicir, unha diminución do número de horas derivado dunha achega menor á prevista inicialmente pola Xunta de Galiza.

Para o caso de que se concrete a prórroga que se prevé na cláusula quinta do presente prego, o tipo de licitación será o mesmo ofertado polo adxudicatario, co previsto no derradeiro parágrafo desta cláusula, e o número de horas de prestación obrigatorias para o contratista serán as que veñan determinadas a esa data pola aplicación da Lei de Dependencia. En todo caso, o gasto máximo previsto non poderá exceder da cantidade que para esta finalidade figure no orzamento municipal dese exercicio, ao que se engadirán, de ser o caso, as posibles achegas que, para a prestación deste servizo, se reciban desde outros organismos e institucións públicas.

A tódolos efectos entenderase que nas ofertas e nos prezos ofertados se atopan incluídos tódolos gastos que a empresa debe realizar para o cumprimento das obrigas contratadas, como son os gastos xerais, financeiros, beneficios, seguro, transportes e desprazamentos, soldos do persoal ó seu cargo que leven a cabo a prestación dos servizos, taxas e toda clase de tributos, en especial o IVE, e en xeral, cantos gastos deba realizar a empresa para o cumprimento das obrigas contratadas.

Non procederá a revisión de prezos do contrato durante a execución do mesmo (2 primeiros anos), soamente no caso de prórroga, os prezos de adxudicación poderán incrementarse conforme ó 85% da variación experimentada polo Índice de Prezos ó Consumo (IPC) durante a anualidade inmediatamente anterior segundo ó establecido no artigo 90.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011. O índice de referencia será a variación interanual experimentada na comunidade autónoma de Galicia tomando como mensuralidade de referencia aquela na que se asinase a prórroga contractual.

CLÁUSULA QUINTA. Duración do Contrato.



A duración do contrato de xestión de servizo público de **SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MODALIDADES DEPENDENTES VALORADOS E PRESTACIÓN BÁSICA**. Será de 2 anos a partir do día seguinte ó da sinatura do contrato, prorrogable por outros dous.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación, cun mes de antelación á finalización do contrato, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da Aptitude para Contratar.

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións para contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

1. A **capacidade de obrar** do empresario acreditarase:

a. Dos empresarios que fosen **persoas xurídicas** mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b. Dos empresarios **non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea** pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c. **Dos demais empresarios estranxeiros**, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba, por parte dos empresarios, da **non concorrencia** de algunha das **prohibicións para contratar** reguladas no artigo 60 do TRLCSP poderá realizarse:

a. Mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando dito documento non poda ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b. Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3. A **solvencia do empresario**:

3.1 A **solvencia económica e financeira** do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en Rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocios.

3.2. Nos contratos de xestión de servizos públicos, a **solvencia técnica ou profesional** dos empresarios deberá apreciarse tendo en conta os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade, o que poderá acreditarse, segundo o obxecto do contrato, **por un ou varios dos medios seguintes:**

a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este, ou a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.

c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

d) Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, en nome deste, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado en que estea establecido o empresario, sempre que medie acordo de dito organismo. O control versará sobre a capacidade técnica do empresario e, se fose necesario, sobre os medios de estudo e de investigación de que dispoña e sobre as medidas de control da calidade.

e) As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.

f) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión medioambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

g) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

h) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se dispoñerá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente.

Ademais da documentación sinalada, os licitadores deberán presentar obrigatoriamente certificación de estar rexistrados como entidades prestadoras de servizos sociais na Xunta de Galicia.

CLÁUSULA SÉTIMA. Presentación de Proposicións e Documentación Administrativa.

As ofertas presentaranse no Concello de Tui, rexistro xeral, sito na praza do Concello, nº 1, CP 36700, en horario de atención ao público, dentro do prazo de 15



días naturais contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* e no Perfil de contratante.

As proposicións poderán presentarse, por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, Fax ou telegrama no mesmo día, facéndose constar o obxecto do contrato e nome do licitador.

A acreditación da recepción do referido télex, Fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida no mesmo polo Secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional dezaséis do TRLCSP.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, sen prexuízo dos establecido nos artigos 147 e 148 do TRLCSP. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurara en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Proposición para licitar á contratación da xestión do servizo público de **SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MODALIDADE DEPENDENTES VALORADOS E PRESTACIÓN BÁSICA** mediante a modalidade de concesión». A denominación dos sobres é a seguinte:

- Sobre «A»: Documentación Administrativa.
- Sobre «B»: Proposición Económica e Documentación Técnica.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

**SOBRE «A»
DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA**

a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario, acompañados dun índice de documentos.

b) Documentos que acrediten a representación.

— Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro, presentarán copia notarial do poder bastante de representación.

— Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

— Igualmente a persoa con poder bastante a efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuña notarial do seu documento nacional de identidade.

c) Declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do TRLCSP.

Esta declaración incluírá a manifestación de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a cuxo favor váiase a efectuar esta.

d) Os que acrediten a clasificación da empresa, no seu caso, ou xustifiquen os requisitos da súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Se a empresa encontrábase pendente de clasificación, deberá aportarse o documento acreditativo de haber presentado a correspondente solicitude para elo, debendo xustificar o estar en posesión da clasificación esixida no prazo previsto nas normas de desenvolvemento do TRLCSP para a emenda de defectos ou omisións na documentación.

e) Resgardo acreditativo de ter constituído a garantía provisional por importe de 3% do orzamento do contrato

f) As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

**SOBRE «B»
PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN TÉCNICA**

a) Proposición económica.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

«D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/ _____, n.º _____, con DNI n.º _____, en representación da Entidade _____, con CIF n.º _____, decatado do expediente para a contratación da xestión do servizo público de



SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MODALIDADE DEPENDENTES VALORADOS E PRESTACIÓN BÁSICA mediante a modalidade de concesión por procedemento aberto oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, anunciado no *Boletín Oficial da Provincia* n.º ____, con data _____, e no Perfil de contratante, fago constar que coñezo o Prego que serve de base ao contrato e o acepto integramente, tomando parte da licitación e comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe seguinte:

Prezo por hora de servizo de axuda no fogar: _____ euros e _____ euros correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido, o que totaliza _____ euros.

En _____, a ____ de _____ de 20__.

Sinatura do licitador,

Asdo.: _____».

b) Documentos que permitan á Mesa de Contratación valorar as condicións das ofertas segundo os criterios de adxudicación.

Deberá indicarse qué porcentaxe do contrato, se é o caso, se vai subcontratar

CLÁUSULA OITAVA. Subcontratación.

No relativo á subcontratación do servizo, se realizará de conformidade co estipulado no art. 289 do TRLCSP.

CLÁUSULA NOVENA Garantía Provisional.

Os licitadores deberán constituír unha garantía provisional por importe do *3% do orzamento do contrato*, que responderá do mantemento das súas ofertas ata a adxudicación provisional do contrato.

A garantía provisional depositarase:

— Na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou na Caixa ou establecemento público equivalente das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban surtir efecto cando se trate de garantías en efectivo.

— Ante o órgano de contratación, cando se trate de certificados de inmovilización de valores anotados, de avais ou de certificados de seguro de caución.

A garantía provisional extinguirase automaticamente e será devolta aos licitadores inmediatamente despois da adxudicación definitiva do contrato. En todo caso, a garantía será retida ao adxudicatario ata que proceda á constitución da garantía definitiva, e incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación.

O adxudicatario poderá aplicar o importe da garantía provisional á definitiva ou proceder a unha nova constitución desta última, neste caso a garantía provisional cancelárase simultaneamente á constitución da definitiva.

CLÁUSULA DÉCIMA. Criterios de Adxudicación.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios de adxudicación que se puntuarán do seguinte xeito:

-Criterios obxectivos de adxudicación: valoración de ponderación:

1.- CRITERIOS TÉCNICOS

a) Contía económica (global/ano) para adquisición de axudas técnicas para ser empregadas nos domicilios dos usuarios e que comprenderán a compra dalgún dos elementos da lista que se sinalan a continuación, ou outros análogos, que respondan a dotar de maior autonomía aos usuarios. De 0 a 30 puntos.

As axudas técnicas serán:

alzas bidet.	cinturón seguridade
arnés	codeiras antiescaras
asento xiratorio	dispositivo para cambios posturais
asento para baneira	elevador baneira
asento para ducha	elevador para inodoro
asento para inodoro ou bidet	grúa
barandillas abatibles cama	incorporador
talonerías antiescaras	mesa regulable en altura
butaca xeriátrica	sábana pixama
carro elevador	

Outorgarase a máxima puntuación (ata 30 puntos) ó licitador que oferte a maior contía económica (global/ano) para a adquisición das axudas técnicas arriba mencionadas e o resto distribuirase proporcionalmente mediante a seguinte fórmula:

$$P_i = \left(\frac{CAT_i}{CAT_M} \right) \times 30$$

Sendo:

P_i = puntuación outorgada ao licitador i.

CAT_i = Contía económica destinada á adquisición de axudas técnicas (global/ano) da oferta i.

CAT_M = Maior contía económica destinada a adquisición de axudas técnicas (global/ano) das ofertas presentadas.

b) Dispoñer dos seguintes servizos complementarios para os usuarios dos servizos que, sen custe para o Concello incidan directamente nos usuarios, os seus familiares ou os traballadores: de 0 a 30 puntos:

Terapia ocupacional
Fisioterapia
Enfermería



Psicoloxía
Podoloxía
Médecina xeral
Dietética-nutrición

Outorgarase a máxima puntuación (ata 30 puntos) ó licitador que oferte o maior número de servizos dos arriba mencionados e o resto distribuirase proporcionalmente mediante a seguinte fórmula:

$$P_i = \left(\frac{NSC_i}{NSC_M} \right) \times 30$$

Sendo:

P_i = puntuación outorgada ao licitador i .

NSC_i = Número de servizos complementarios da oferta i

NSC_M = Maior número de servizos complementarios das ofertas presentadas..

c) Situación xeográfica dunha sede da empresa respecto ó Concello de Tui ou compromiso de instalación da mesma no caso de resultar adxudicatario do contrato.

Ata 20 puntos se a empresa conta cunha sede no Concello de Tui, 10 puntos se conta cunha sede nun termino municipal limítrofe e 5 puntos se se atopa noutro municipio próximo.

2.-PROPOSICIÓN ECONÓMICA. Baixas ofertadas sobre o prezo/hora ata un máximo de 20 puntos.

Puntuarase con 0 puntos aquelas ofertas que propoñan o tipo establecido. Outorgarase a valoración máxima á oferta máis baixa. O resto das ofertas serán valorados proporcionalmente, de acordo coa fórmula seguinte:

$$V_i = \left(\frac{B_i}{B_{\max}} \right) \times \text{valoración} - \text{outorgada} - \text{a} - \text{oferta} - \text{económica} -$$

Sendo:

V_{in} : Puntuación da oferta i

B_i : baixa da oferta i . Donde $B_i = \text{Tipo} - O_i$; sendo *Tipo* o tipo da licitación e O_i é a oferta da empresa i .

B_{\max} : baixa da oferta máis favorable. $B_{\max} = \text{Tipo} - O_b$; onde *Tipo* é o tipo da licitación e O_b é a oferta económica máis baixa

Establécese preferencia de adxudicación do contrato, en igualdade de valoración, para as proposicións presentadas por aquelas empresas públicas ou privadas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu cadro de persoal un número de traballadores discapacitados non inferior ao 5% para o suposto de empresas de 50 ou máis traballadores fixos, sempre que ditas proposicións igualem nos seus termos á máis vantaxosa dende o punto de vista dos criterios obxectivos que sirvan de base para a adxudicación.

CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA. Mesa de Contratación.

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 10 da Disposición Adicional Segunda do TRLCSP, estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Actuará como secretario da mesa un funcionario do concello designado ó efecto.

Conforman a Mesa de Contratación os seguintes membros:

- Presidente da Mesa: Alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue.
- Vogais: Interventor do Concello, ou funcionario en quen delegue.
Secretaría do Concello, ou funcionario en quen delegue.
Traballadora social do Concello.
O Concelleiro de Facenda e Patrimonio.
- Secretario da Mesa: Un funcionario/a do concello.

CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Prerrogativas da Administración.

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do TRLCSP, ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Apertura de Proposicións e proposta de adxudicación.

A Mesa de Contratación constituirase e procederá á avaliación da documentación presentada polos licitadores SOBRE A).

A Mesa poderá conceder, se o estima conveniente, un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións emendables observados na documentación presentada.



Unha vez realizadas estas actuacións, o acto público de apertura das proposicións celebrarase nun lugar e día que previamente se sinalase, podendo nese momento a Mesa solicitar cantos informes técnicos considere precisos.

Recibidos os informes, e reunida de novo a Mesa de Contratación, realizará proposta de adxudicación ao órgano de contratación.

A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte á Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

CLÁUSULA DECIMO CUARTA.- REQUIRIMENTO DA DOCUMENTACIÓN.- O órgano de contratación requirirá ó licitador que presentase a oferta máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que se reciba o requirimento, presente a documentación xustificativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, Comunidade Autónoma e Concello de Tui, ou autorice ó órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación dos mesmos, de dispoñer efectivamente dos medios que se houbese comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme á lexislación vixente, e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.

(Os correspondentes certificados poderán expedirse por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos)

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Garantía Definitiva.

O que resulte adxudicatario provisional do contrato deberá constituír unha garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

- a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban surtir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta Lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.
- c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 100 do TRLCSP.

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Ofertas con Valores Anormais ou Desproporcionados. O carácter desproporcionado ou anormal das ofertas apreciarase en función do informe técnico que se poida solicitar ó respecto.

CLÁUSULA DECIMO SÉTIMA.- Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á da recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que poida admitirse de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación deberá motivarse e notificarse ós candidatos ou licitadores e publicarse no perfil do contratante da páxina web do concello e no Boletín Oficial da Provincia.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ó licitador excluído ou candidato descartado interpoñer recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

* En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimase a proposta.

* Con respecto ós licitadores excluídos do procedemento de adxudicación tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitiu a oferta.

* En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que foi seleccionada a oferta de este con preferencia ás que presentasen os restantes licitadores do conxunto das ofertas que se admitiron.

* Na notificación e no perfil do contratante indicarse o prazo no que se debe proceder á súa formalización.

Cando os licitadores concorran en Unión Temporal de Empresas, a escritura de constitución deberá aportarse antes da formalización do contrato.

Igualmente, cando se esixa ó adxudicatario que concerte algún tipo de seguro, antes da formalización do contrato, deberá aportarse a póliza correspondente.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Formalización do Contrato.

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos quince días hábiles seguintes a contar desde a data da notificación da adxudicación; constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato elévese a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Cando por causas imputables ao contratista non puidese formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución do mesmo, así como a incautación da garantía provisional que no seu caso se constituíse.



CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Dereitos e Obrigas.

A) Obrigas do Contratista :

Ademais das obrigacións xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigacións específicas do contratista as seguintes:

- A empresa adxudicataria terá a obriga de subrogación do persoal, nos aspectos que se indican no artigo 15 da Resolución do 18 de xaneiro de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo para a actividade de axuda a domicilio de Galicia para o ano 2011 (DOG nº 32 do 15/02/2012)

- A empresa adxudicataria xustificará os seus compromisos en relación ós servizos complementarios a prestar ós usuarios, recollidos na Cláusula décima 1 b), mediante a presentación, antes da sinatura do contrato, da documentación que acredite a dispoñibilidade de cada un dos servizos ofertados.

- A empresa adxudicataria xustificará os seus compromisos en relación á situación xeográfica da empresa con respecto ó Concello de Tui, segundo o establecido na Cláusula décima 1 c), mediante a presentación, antes da sinatura do contrato, da licenza de apertura da sede empresarial.

— Prestar o servizo coa continuidade convida e garantir aos particulares o dereito a utilizalo nas condicións que fosen establecidas e mediante o abono, no seu caso, da contraprestación económica comprendida nas tarifas aprobadas.

— Coidar a boa orde do servizo, podendo ditar as oportunas instrucións, sen prexuízo dos poderes de policía atribuídos á administración.

— Indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, excepto cando o dano sexa producido por causas imputables á Administración.

— Respetar o principio de non discriminación por razón de nacionalidade, respecto das empresas de Estados membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio, nos contratos de subministración consecuencia do de xestión de servizos públicos.

— Obter a adecuada compensación económica para manter o equilibrio económico da concesión, no suposto de modificacións do servizo impostas pola Corporación que aumenten os custos ou diminúan a retribución; e nos casos en que por causas alleas ás partes contratantes alteráranse as bases económicas da concesión contempladas no momento do seu outorgamento.

— Obrigacións laborais e sociais. O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais.

— O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para elo, esta obrigación considérase esencial. (Artigo 64 do TRLCSP).

— O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do TRLCSP para os supostos de subcontratación.

— Gastos esixibles ao contratista. Son de conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de licitación e adxudicación e da formalización do contrato, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen. En caso de que o esixa algunha das

Administracións que financia a obra, o contratista instalará á súa costa carteis de identificación da obra, coas características que se establezan.

B) Obrigas da Administración

— Poner a disposición do contratista os medios necesarios para a prestación do servizo.

— Se a Administración non fixera efectiva ao contratista a contraprestación económica ou non entregase os medios auxiliares a que se obrigou no contrato dentro dos prazos previstos no mesmo e non procedese a resolución do contrato ou non a solicitase o contratista, este terá dereito ao interese de demora das cantidades ou valores económicos que aqueles signifiquen, de conformidade co establecido no artigo 217 do TRLCSP.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Reversión

Cando finalice o prazo contractual, o servizo reverterá á Administración, debendo o contratista entregar as obras e instalacións a que estea obrigado con arranxo ao contrato e no estado de conservación e funcionamento adecuados. Durante un período de dous meses anterior á reversión, o Concello adoptará as disposicións encamiñadas a que a entrega dos bens verifíquese nas condicións convidadas.

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Execución do Contrato.

O contratista está obrigado a organizar e prestar o servizo con estrita suxeición ás características establecidas no contrato e dentro dos prazos sinalados no mesmo

En todo caso, a Administración conservará os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha dos servizos de que se trate.

CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. Modificación do Contrato e Mantemento do Equilibrio Económico.

A Administración poderá modificar por razóns de interese público as características do servizo contratado e as tarifas que han de ser abonadas polos usuarios.

Cando as modificacións afecten ao réxime financeiro do contrato, a Administración deberá compensar ao contratista de xeito que se manteña o equilibrio económico do contrato. Non procederá tal compensación, no caso de que os acordos que dite a Administración respecto ao desenvolvemento do servizo carezan de trascendencia económica.

A Administración deberá restablecer o equilibrio económico do contrato, en beneficio de calquera das partes nos seguintes supostos:

- a) Cando a Administración modifique, por razóns de interese público, as características do servizo contratado.
- b) Cando actuacións da Administración determinaran de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato.
- c) Cando causas de forza maior determinaran de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato, entendéndose por «forza maior» o disposto no artigo 231 do TRLCSP.



O restablecemento do equilibrio económico do contrato realizarase mediante medidas que poderán consistir na redución do prazo do contrato, e en xeral, en calquera modificación das cláusulas de contido económico do contrato.

Para os casos de forza maior e de actuacións da administración que determinen de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato, poderá prorrogarse o prazo do contrato por un período que un exceda dun 10 por cento da súa duración inicial, respectando os límites máximos de duración previstos legalmente.

As modificacións do contrato deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 156 do TRLCSP.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Incumprimento e Penalidades.

A) Incumprimento

Se do incumprimento por parte do contratista derivárase perturbación grave e non reparable por outros medios no servizo público e a Administración non decidise a resolución do contrato, poderá acordar a intervención do mesmo ata que aquela desapareza. En todo caso, o contratista deberá abonar á Administración os danos e prexuízos que efectivamente lle irrogase.

B) Penalidades por Incumprimento

Cando o contratista incumprise a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para elo, imponse penalidades proporcionais á gravidade do incumprimento e a súa contía non poderá ser superior ao 10% do orzamento do contrato.

Se o incumprimento é considerado como moi grave e atendendo á súa condición de deber esencial tal e como se establece na cláusula relativa ás obrigacións e dereitos, poderá dar lugar á resolución do contrato.

As penalidades imponse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato se se designase, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíse, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións.

CLÁUSULA VIXESIMO TERCEIRA. Resolución do Contrato.

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste Prego; nos fixados nos artigos 223, con excepción dos supostos contemplados nas súas letras e) e f); e nos establecidos no artigo 286 do TRLCSP.

Cando o contrato se resolva por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e prexuízos orixinados á Administración, no que excedan do importe da garantía.

CLÁUSULA VIXESIMO CUARTA. Réxime Xurídico do Contrato.

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeranse polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba

o texto refundido da lei de contratos do sector público e o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da lei de contratos das administracións públicas, no que non se contradiga co referido Texto Refundido; e supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A Orde Xurisdicional Contencioso-Administrativo será o competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato de conformidade co disposto no artigo 21.1 do TRLCSP.

Tui, 23 de marzo de 2012.

O Alcalde,

Asdo.: Moisés Rodríguez Pérez.